



A AELG NOMEA A FRANCISCO CARBALLO CARBALLO “BO E XENEROSO”

REDACCIÓN MUNDOGALIZA

17 DE DECEMBRO DE 2011

O pasado sábado 10 de decembro o Consello Directivo da **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega** (AELG), decidiu nomear Bo e Xeneroso a **Francisco Carballo Carballo**, historiador e mestre de historiadores, promotor de empresas editoras en galego.

Ao longo de máis de corenta anos o noso homenaxeado participou coa súa escrita e co seu activismo en dotar de contidos vertebradores á realidade social e cultural de Galicia, o que o converte nunha figura referencial para a cultura e a sociedade galega no seu conxunto.

Francisco Carballo súmase así á lista dos **Bos e Xenerosos** da AELG, conformada por **Avelino Pousa Antelo**, **Museo do Pobo Galego**, **Ponte nas ondas**, **Isaac Díaz Pardo**, **Asociación Socio-Pedagóxica Galega**, **Mariví Villaverde**, Concellos organizadores do **Premio Blanco Amor** e **Francisco Fernández del Riego**.

Coa homenaxe O. Bos e Xenerosos a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega propón anualmente un acto de estudo e recoñecemento dunha figura ou colectivo que, pola súa dilatada actividade de intervención social, contribúe á difusión da nosa cultura.

O acto terá lugar no primeiro trimestre de 2012 en Santiago de Compostela, cunha laudatio do historiador **Anselmo López Carreira**.

AELG